

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6517 *Lei orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O esforzo por cumprir cos obxectivos de consolidación fiscal e a aplicación de reformas estruturais permitiron volver á senda de crecemento económico e xerar confianza na economía española, o que se está traducindo nuns menores custos de financiamento nos mercados. Este resultado positivo debe ser compartido polo conxunto das administracións públicas e deben trasladarse estes aforros financeiros para seguir contribuindo á consolidación fiscal.

Con ese obxectivo, puxéronse en marcha novos mecanismos que non soamente permiten compartir os aforros financeiros entre todas as administracións, senón que tamén priorizan a atención do gasto social. Para cumprir adecuadamente cos novos requisitos dos citados mecanismos, resultan necesarias certas adaptacións tanto na normativa de estabilidade orzamentaria como na de financiamento das comunidades autónomas.

Para iso, esta lei estrutúrase en dous artigos. O primeiro deles, que consta de seis puntos, modifica a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (en diante, LOFCA), para garantir o adecuado financiamento dos servizos sociais.

O gasto social constitúe un dos piares básicos do Estado do benestar polo que é preciso adoptar medidas que faciliten o seu financiamento, co fin de garantir a continuidade de servizos públicos fundamentais como os de educación, sanidade e servizos sociais que prestan as entidades locais en virtude de convenio coas comunidades autónomas ou a través doutras transferencias. A presente lei orgánica, como complemento doutras medidas adoptadas anteriormente con este fin, engade na disposición adicional oitava da LOFCA un suposto de retención nos recursos satisfeitos polos réximes de financiamento das comunidades autónomas para aboar as cantidades pendentes de pagamento derivadas dos ditos convenios e transferencias que sexan vencidas, líquidas e exhibibles en 31 de decembro de 2014, co obxecto de cancelar a débeda acumulada en tales conceptos en materia de gasto social. Modifícase a LOFCA para definir o principio de prudencia financeira como principio reitor das operacións financeiras das comunidades autónomas. Este principio ten como obxectivo que as operacións financeiras das comunidades autónomas se formalicen cumprindo unhas condicións razoables de custo e risco. Tamén se somete ao principio de prudencia o outorgamento de garantías públicas, pasivos contingentes e outras medidas de apoio extraorzamentario a operacións de crédito outorgadas polas comunidades autónomas, en canto poden comprometer a sustentabilidade financeira destas ao introducir incerteza sobre as súas futuras necesidades de financiamento e producir graves desequilibrios fiscais imprevistos.

Así mesmo, incorpórase como parte do principio de sustentabilidade financeira a prudencia financeira, de modo que as operacións financeiras se someterán a condicións

que permitirán reducir custos financeiros e mitigar riscos para contribuír, así, a mellorar a capacidade de financiar os gastos financeiros presentes e futuros.

O segundo artigo, que consta de catro puntos, é de modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, para adaptar a disposición adicional primeira á nova configuración dos mecanismos adicionais de financiamento das comunidades autónomas, máis ampla e ambiciosa, así como recolle tamén entre as medidas automáticas de prevención e de corrección, a redución do risco e custo asumido na concesión de avais, reavais e calquera outra clase de garantías para afianzar operacións de crédito de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.*

A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Dáse unha nova redacción á letra b) do artigo 2, punto un, que queda redactada como segue:

«b) A garantía do equilibrio económico, a través da política económica xeral, de acordo co establecido nos artigos 40.1, 131 e 138 da Constitución, corresponde ao Estado, que é o encargado de adoptar as medidas oportunas tendentes a conseguir a estabilidade económica interna e externa, a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, así como o desenvolvemento harmónico entre as diversas partes do territorio español. Para estes efectos, aplicaranse os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira definidos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Principio de prudencia financeira.*

1. Todas as operacións financeiras que subscriban as comunidades autónomas, de acordo co previsto no artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

Enténdese por prudencia financeira o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custo.

2. Considéranse financeiras todas aquelas operacións que teñan por obxecto os instrumentos seguintes:

a) Activos financeiros. Están incluídos neste concepto os instrumentos de capital ou de patrimonio neto doutras entidades, os dereitos a recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións potencialmente favorables.

b) Pasivos financeiros. Están incluídas neste concepto débedas representadas en valores, operacións de crédito, operacións de derivados e calquera outra obriga exixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións desfavorables.

c) A concesión de avais, reavais ou outra clase de garantías públicas ou medidas de apoio extraorzamentario.

3. As condicións que deben cumprir as operacións financeiras previstas na letra b) do punto anterior estableceranse por resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e as das letras a) e c) anteriores por resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Da aplicación das ditas condicións será informado periodicamente o Consello de Política Fiscal e Financeira.

4. As comunidades autónomas velarán pola aplicación do principio de prudencia financeira no conxunto do seu sector público.

5. Precisarás de autorización do Estado a formalización das operacións a que se refire a letra c) do punto 2 deste artigo, cando non se axusten ás condicións do principio de prudencia financeira.»

Tres. O artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Endebemento das comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas, de acordo co previsto no artigo 2.1 Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, sen prexuízo do que se establece no punto 4 do presente artigo, poderán realizar operacións de crédito por prazo inferior a un ano, con obxecto de cubrir as súas necesidades transitorias de tesouraría.

2. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, calquera que sexa a forma en que se documenten, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de investimento.

b) Que o importe total das anualidades de amortización, por capital e xuros, non exceda o vinte e cinco por cento dos ingresos correntes da comunidade autónoma no orzamento do exercicio.

3. Para concertar operacións de crédito no estranxeiro e para a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito público, as comunidades autónomas precisarán autorización do Estado. Para a concesión da referida autorización, o Estado terá en conta o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira definidos no artigo 2.un.b) da presente lei.

Con relación ao que se prevé no parágrafo anterior, non se considerarán financiamento exterior, para os efectos da súa preceptiva autorización, as operacións de concertación ou emisión denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Europea.

En todo caso, as operacións de crédito a que se refiren os puntos un e dous anteriores precisarán autorización do Estado cando da información subministrada polas comunidades autónomas se constate o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto.

4. As operacións de crédito das comunidades autónomas deberanse coordinar entre si e coa política de endebemento do Estado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

5. A débeda pública das comunidades autónomas e os títulos-valores de carácter equivalente emitidos por estas estarán suxeitos, no non establecido pola presente lei, ás mesmas normas e gozarán dos mesmos beneficios e condicións que a débeda pública do Estado.

6. As comunidades autónomas deberán reducir o risco e o custo que asuman con ocasión da concesión de avais, reavais e calquera outra clase de garantías para afianzar operacións de crédito de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao punto 1 do artigo 21 nos seguintes termos:

«1. Os orzamentos das comunidades autónomas terán carácter anual e igual período que os do Estado, observarán o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e incluirán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes dela, e neles consignarase o

importe dos beneficios fiscais que afecten tributos atribuídos ás referidas comunidades.»

Cinco. Modifícase a numeración do punto 3 sic que pasa a denominarse punto 4, e incorpórase un novo punto 5 na disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«5. O Estado poderá deducir ou reter dos importes satisfeitos por todos os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas non adheridas ao compartimento Fondo Social do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas as cantidades necesarias para aboar as obrigas pendentes de pagamento por parte das comunidades autónomas coas entidades locais derivadas de transferencias e convenios suscritos en materia de gasto social que sexan vencidas, líquidas e exixibles en 31 de decembro de 2014.»

Seis. Dáse nova redacción á disposición adicional segunda, que queda redactada como segue:

«Ao abeiro do que establece a disposición adicional primeira da Constitución, a actividade financeira e tributaria de Navarra, en virtude do seu réxime foral, regularase polo sistema tradicional do convenio económico, e, en particular, de acordo co previsto na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Neste determinaranse as achegas de Navarra ás cargas xerais do Estado, así como os criterios de harmonización do seu réxime tributario co réxime xeral do Estado.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 4 coa seguinte redacción:

«3. Para o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.»

Dous. Os puntos 1 e 4 do artigo 18 quedan redactados como segue:

«1. As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que no momento do peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, farán un seguimento do risco e do custo asumido na concesión de avais, reavais e calquera outra clase de garantías que concedan para afianzar operacións de crédito de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas.»

«4. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas fará un seguimento do cumprimento dos períodos medios de pagamento a provedores das comunidades autónomas.

Cando o período medio de pagamento aos provedores da comunidade autónoma supere en máis de 30 días o prazo máximo da normativa de morosidade durante dous meses consecutivos contados desde a actualización do seu plan de tesouraría de acordo co previsto no artigo 13.6, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas formulará unha comunicación de alerta mediante a cal indicará o importe que deberá dedicar mensualmente ao pagamento a provedores e as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobramentos e pagamentos, que deberá adoptar de forma que lle permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio

de pagamento a provedores. A comunidade autónoma deberá incluír todo iso no seu plan de tesouraría inmediatamente posterior á dita comunicación de alerta.

Unha vez que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realice a comunicación de alerta a que se refire o parágrafo anterior, os seus efectos manteranse ata que a comunidade autónoma cumpra o prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade.»

Tres. O punto 1 do artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«1. No suposto en que o Goberno, de acordo cos informes a que se refire o artigo 17 desta lei, constate que existe incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto, todas as operacións de endebedamento da comunidade autónoma incumplidora precisarán de autorización do Estado mentres persista o citado incumprimento. Esta autorización poderase realizar de forma gradual por tramos e será preceptiva ata que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas constate que cumpriu cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra de gasto.

Unha vez que o plan económico-financiero presentado pola comunidade autónoma por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto sexa considerado idóneo polo Consello de Política Fiscal e Financeira, as operacións de crédito a curto prazo que non sexan consideradas financiamento exterior non precisarán de autorización do Estado.

Así mesmo, a concesión de avais, reavais ou doutra clase de garantías ás operacións de crédito de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, incluídas as entidades da comunidade autónoma non incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1.b) desta lei, precisará de autorización do Estado. Esta autorización poderase realizar de forma gradual por tramos de importes que se vaian avalar e garantir, e será preceptiva ata que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas constate que se cumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.»

Catro. A disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Mecanismos adicionais de financiamento para as comunidades autónomas e as corporacións locais.*

1. As comunidades autónomas e as corporacións locais que soliciten ao Estado o acceso a medidas extraordinarias ou mecanismos adicionais de apoio á liquidez virán obrigadas a acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste, cando sexa preceptivo, que sexa consistente co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

2. O acceso a estes mecanismos virá precedido da aceptación pola comunidade autónoma ou pola corporación local de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información e daqueloutras condicións que se determinen nas disposicións ou acordos que dispoñan a posta en marcha dos mecanismos, así como de adopción de medidas de axuste extraordinarias, se é o caso, para cumprir cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, e cos prazos legais de pagamento a provedores establecidos nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará información relativa ao plan de axuste. O cumprimento das medidas incluídas no plan de axuste determinará o desembolso por tramos da axuda financeira establecida.

4. Durante a vixencia do plan de axuste, a Administración responsable deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información cunha periodicidade trimestral, sobre os seguintes aspectos:

- a) Avais públicos outorgados, risco vivo total acumulado por estes e operacións ou liñas de crédito contratadas en que se identifique a entidade, o total do crédito dispoñible e o crédito disposto.
- b) Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pagamento a provedores.
- c) Operacións con derivados.
- d) Calquera outro pasivo contingente.

5. A falta de remisión, a valoración desfavorable ou o incumprimento do plan de axuste por parte dunha comunidade autónoma ou corporación local, cando este sexa preceptivo, dará lugar á aplicación das medidas coercitivas dos artigos 25 e 26 previstas para o incumprimento do Plan económico financeiro.

6. As corporacións locais con periodicidade anual deberán presentar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un informe do interventor sobre a execución dos plans de axuste.

No caso das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberase presentar o informe anterior con periodicidade trimestral.

As comunidades autónomas deberán enviar a información prevista no punto 4 con periodicidade mensual, a través da súa intervención xeral ou unidade equivalente e, adicionalmente, deberán presentar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información actualizada sobre a execución do seu plan de axuste relativa ao menos aos seguintes elementos:

- a) Execución orzamentaria mensual dos capítulos de gastos e ingresos.
- b) Adecuación á realidade do plan de axuste e valoración das medidas en curso.
- c) Valoración dos riscos a curto e medio prazo en relación co cumprimento dos obxectivos que se pretenden coa aplicación do plan de axuste. En particular, analizaranse as previsións de liquidez e as necesidades de endebedamento.
- d) Análise das desviacións que se produciron na execución do plan de axuste.
- e) Recomendacións, se é o caso, de modificación do plan de axuste co obxectivo de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- f) Información actualizada do seu plan de tesouraría.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas será competente para realizar o seguimento da execución do mecanismo e dos plans de axuste, para o cal poderá solicitar toda a información que resulte relevante, e informará do resultado da dita valoración o Ministerio de Economía e Competitividade.

Así mesmo, en función do risco que derive do seguimento dos plans de axuste, do grao de cumprimento das condicións a que fai referencia o punto 2 ou, en caso de incumprimento do plan de axuste, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá acordar o seu sometemento a actuacións de control por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado, co contido e alcance que esta determine. Para realizar as actuacións de control, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá pedir a colaboración doutros órganos públicos e, no caso de actuacións de control en comunidades autónomas, concertar convenios coas súas intervencións xerais.

No caso de actuacións de control en corporacións locais, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá contar coa colaboración de empresas privadas de auditoría, que se deberán axustar ás normas e instrucións que aquela determine.

O financiamento necesario para estas actuacións realizárase con cargo aos mesmos fondos que se utilicen para dotar as medidas extraordinarias de apoio á liquidez.

7. A partir da aplicación das medidas previstas no punto 5 do artigo 20, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá propoñer á comunidade autónoma o seu acceso aos mecanismos adicionais de financiamento vixentes. Se, transcorrido un mes desde a proposta formulada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a comunidade autónoma non manifesta de maneira xustificada o seu rexeitamento, entenderase automaticamente incluído no mecanismo adicional de financiamento proposto. A comunidade autónoma soamente poderá xustificar o seu rexeitamento se acredita que pode obter a liquidez e a un prezo menor do que lle proporciona o mecanismo proposto polo Estado.

8. Se a partir da aplicación do previsto no artigo 18.5 as corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais persisten no incumprimento do prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá determinar o acceso obrigatorio da corporación local aos mecanismos adicionais de financiamento vixentes.

9. As operacións de crédito que as comunidades autónomas concerten con cargo aos mecanismos adicionais de financiamento cuxas condicións financeiras fosen previamente aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos quedarán exceptuadas da autorización preceptiva do Estado e non lles resultarán de aplicación as restricións previstas no punto dous do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas e na disposición transitoria terceira desta lei.»

Disposición adicional primeira. *Financiamento da execución de sentenzas firmes por parte das entidades locais.*

1. Nos supostos de execución de sentenzas firmes dos tribunais de Xustiza, as entidades locais poderán incluír as necesidades financeiras que sexan precisas para dar cumprimento ás obrigas que deriven destas, nos compartimentos Fondo de Ordenación ou Fondo de Impulso Económico, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, se se encontran nas situacións descritas nos artigos 39 ou 50 do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, sempre que se xustifique a existencia de graves desfases de tesouraría como consecuencia daquela execución. Para estes efectos entenderase por entidade local a Administración xeral desta, e o resto de entidades, organismos e entes dependentes daquela, incluídos no sector Administracións Públicas, subsector Corporacións Locais, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea.

2. As necesidades financeiras citadas no punto anterior incluíranse nos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais nos termos que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e, se é o caso, deberán recollese nos plans de axuste que acompañen as solicitudes de adhesión.

3. As entidades locais que se acollan á medida regulada nesta disposición están obrigadas a dotar no proxecto de orzamento xeral do exercicio 2016 o Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria por unha contía equivalente ao 1 por cento dos seus gastos non financeiros co fin de atender posibles obrigas de pagamento derivadas de futuras sentenzas firmes que diten os tribunais de Xustiza ou necesidades imprevistas e inaprazables. O cumprimento deste requisito é condición necesaria para a adhesión aos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

Disposición adicional segunda. *Compensacións a entidades locais.*

Con cargo ao crédito consignado na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942N, concepto 461.01, no

que se fai efectiva a compensación das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2015, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente Convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, con data do 1 de decembro de 1988, poderase recoñecer a favor dos municipios aos cales, tendo unha poboación superior a 20.000 habitantes e inferior a 50.000 habitantes, sexa aplicable a dita medida unha compensación adicional equivalente á diferenza existente entre a participación que lles corresponda en tributos do Estado de acordo co establecido no artigo 79.tres.b).1 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, e a que lles correspondería considerando a suma da súa poboación de dereito e do número de efectivos integrantes do persoal civil e militar das Forzas Armadas españolas, aplicando a este resultado o coeficiente multiplicador inmediatamente superior na escala prevista no artigo 124.1.a) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 27/2004, do 5 de marzo.

Para os efectos da compensación adicional anterior, empregarase a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2015, e o número de efectivos integrantes do persoal civil e militar das Forzas Armadas españolas deberá ser certificado polo Ministerio de Defensa, e non comprenderá aqueles que, se é o caso, estean incluídos no padrón de habitantes dos municipios a que se refire o punto anterior, vixente e aprobado polo Goberno no momento de expedirse aquel.

A compensación adicional recoñecerase mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, unha vez recibida a certificación mencionada no parágrafo anterior, e transferirase nun pagamento único sen que estea suxeito a liquidación definitiva ningunha.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.*

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, queda modificada como segue:

Un. O título VII queda redactado co seguinte teor:

«TÍTULO VII

Transparencia e sustentabilidade do gasto sanitario

Artigo 106. *Seguimento da sustentabilidade do gasto farmacéutico e sanitario das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas remitirán periodicamente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para o seu seguimento e publicación a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, de acordo co que se preveña na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de abastecemento de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, co principio de transparencia previsto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril:

a) Os datos relativos ao seu gasto farmacéutico hospitalario, ao seu gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación e ao seu gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación, de acordo co previsto nesta lei.

b) Datos relativos ao gasto en investimentos reais no ámbito sanitario, especialmente en relación con equipamentos de alta tecnoloxía sanitaria de uso hospitalario, así como outros datos significativos en relación co gasto sanitario.

c) As medidas adoptadas, así como o seu grao de avance, para mellorar a eficiencia e a sustentabilidade do sistema sanitario.

Artigo 107. *Delimitación do gasto farmacéutico.*

Para os efectos previstos neste título, enténdese por gasto farmacéutico a suma do gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios, derivado da expedición da receita oficial ou orde de dispensación do Sistema Nacional de Saúde en oficinas de farmacia, e do gasto farmacéutico hospitalario por abastecemento de medicamentos a hospitais do Sistema Nacional de Saúde.

Artigo 108. *Delimitación do gasto farmacéutico hospitalario.*

Enténdese por gasto farmacéutico hospitalario o gasto percibido polas unidades clasificadas como Administración pública en termos de contabilidade nacional derivado de medicamentos financiados con fondos públicos nos hospitais e centros de atención sanitaria e sociosanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

Artigo 109. *Delimitación do gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación.*

Enténdese por gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación o gasto percibido polas unidades clasificadas como Administración pública en termos de contabilidade nacional derivado de medicamentos e/ou produtos sanitarios que, financiados con fondos públicos, se dispensen en oficinas de farmacia a través de receita oficial ou orde de dispensación do Sistema Nacional de Saúde en territorio nacional.

Artigo 110. *Delimitación do gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación.*

Enténdese por gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación o gasto percibido polas unidades clasificadas como Administración pública en termos de contabilidade nacional derivado da adquisición dos produtos previstos no artigo 2, punto 1, letras a) a e) do Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, sempre que non teñan a condición de bens de capital ou de natureza inventariable, por quedar estes rexistrados nos gastos ou orzamentos de capital das correspondentes entidades, nin fosen dispensados en oficinas de farmacia a través de receita oficial ou orde de dispensación do Sistema Nacional de Saúde.

Artigo 111. *Medidas para mellorar a eficiencia e sustentabilidade do sistema sanitario.*

Por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», aprobarase un conxunto de medidas que contribúan a mellorar a sustentabilidade e a eficiencia do gasto farmacéutico e sanitario para que poidan ser adoptadas por aquelas comunidades autónomas que así o consideren.

Artigo 112. *Incumprimento da obriga de remisión de información.*

Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o incumprimento das obrigas de remisión de información a que se refire este título, no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e á idoneidade dos datos requiridos ou ao modo de envío, dará lugar a un requirimento de cumprimento.

O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a quince días naturais, para atender a obriga incumplida con apercibimento de que, transcrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade ao incumprimento e á adopción das medidas automáticas de corrección previstas no artigo 20 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de conformidade co establecido no artigo 27.7 da mencionada lei.

Artigo 113. *Creación do instrumento de apoio á sustentabilidade do gasto farmacéutico e sanitario.*

1. Créase un instrumento de apoio á sustentabilidade do gasto farmacéutico e sanitario das comunidades autónomas, con vixencia durante 2015, salvo que por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos se decida prorrogar este prazo.

2. Para adherirse a este instrumento a comunidade autónoma adoptará un acordo de Consello de Goberno en que conste a súa vontade de adhesión a este instrumento e o seu compromiso de cumprir co previsto neste título.

Artigo 114. *Límites de gasto sanitario.*

1. Cando unha comunidade autónoma se adherise a este instrumento a variación interanual, a exercicio cerrado, do gasto farmacéutico, tanto hospitalario como en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación, e do gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación non poderá ser superior á taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española prevista no artigo 12.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de acordo co último informe elaborado polo Ministerio de Economía e Competitividade e publicado na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas.

2. Publicada, no momento do peche do exercicio, a información referida ao gasto farmacéutico hospitalario, ao gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación, e ao gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación a que se refiren os artigos 107 a 110, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos avaliará o grao de cumprimento do previsto no punto 1.

Anualmente no Consello interterritorial do Sistema Nacional de Saúde informarase sobre o grao de cumprimento previsto no parágrafo anterior.

Artigo 115. *Consecuencias da superación do límite de gasto farmacéutico ou do gasto en produtos sanitarios.*

Cando o gasto farmacéutico ou o gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación dunha comunidade autónoma adherida a este instrumento supere o límite previsto no artigo 114:

a) A comunidade autónoma non poderá aprobar a carteira de servizos complementaria de acordo co previsto no artigo 8 quinquies.tres da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e non poderán prestar servizos distintos da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

b) O acceso da comunidade autónoma á repartición de recursos económicos que en materia sanitaria se realice por parte da Administración xeral do Estado estará suxeito ao informe previsto no artigo 20.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

c) A comunidade autónoma deberá aplicar as medidas de mellora da eficiencia e sustentabilidade do sistema sanitario que sexan acordadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 116. *Transparencia e sustentabilidade do gasto sanitario estatal.*

1. O Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, a Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, as institucións penitenciarias e a Mutualidade Xeral Xudicial deberán calcular e facer público, a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o seu gasto farmacéutico hospitalario, o seu

gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación e o gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación, de acordo coa delimitación definida nos artigos 108 a 110 desta lei.

2. A variación interanual do gasto farmacéutico, tanto hospitalario como en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación extrahospitalaria, e do gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación non farmacéuticos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado e da Mutualidade Xeral Xudicial non poderá ser superior á taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española prevista no artigo 12.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

3. Cando algún dos suxeitos citados no punto 2 supere o límite do gasto farmacéutico ou o gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación previsto no citado punto 2, aplicará as medidas de mellora da eficiencia e sustentabilidade do sistema sanitario que sexan acordadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Dous. Engádesse unha nova disposición transitoria sexta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Remisión de información e publicación do gasto farmacéutico e do gasto en produtos sanitarios non farmacéuticos das comunidades autónomas.*

1. Mentres non se produza a modificación da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para a súa publicación e seguimento, antes do día 15 de cada mes, a información referida ao mes anterior do seu gasto farmacéutico hospitalario, do seu gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación e do seu gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación a que se refiren os artigos 107 a 110, xunto á información relativa ao mesmo mes do exercicio anterior.

A información relativa ao mes de decembro de cada exercicio remitirase ata o 31 de xaneiro seguinte, e a dita información será a base do cómputo do cumprimento do límite establecido no artigo 114.

2. A primeira remisión de información mensual relativa ao exercicio 2015 producirase o 30 de xuño de 2015, comprensiva dos cinco primeiros meses do exercicio 2015, xunto cos mesmos meses de 2014. A publicación na Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas producirase no mes seguinte á finalización do prazo para a remisión dos datos mensuais, salvo os datos relativos ao peche do exercicio, que se publicarán antes do 1 de abril.

3. Esta información será remitida pola intervención xeral ou unidade equivalente que teña competencias en materia de contabilidade por medios electrónicos a través dos modelos normalizados e sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite para o efecto, e mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, salvo naqueles casos en que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere que non é necesaria a súa utilización.»

Tres. Engádesse unha nova disposición derradeira décimo sexta coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira décimo sexta. *Habilitación normativa.*

Por orde conxunta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de consulta ás comunidades

autónomas, poderase modificar o previsto nos artigos 107 a 110 sobre a delimitación do gasto farmacéutico hospitalario, gasto en produtos farmacéuticos e sanitarios por receitas médicas ou orde de dispensación e gasto en produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Modifícase o punto quinto da disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. O persoal ao servizo dos consorcios poderá ser funcionario ou laboral e deberá proceder exclusivamente das administracións participantes. O seu réxime xurídico será o da Administración pública de adscrición e as súas retribucións en ningún caso poderán superar as establecidas para postos de traballo equivalentes naquela.

Excepcionalmente, cando non resulte posible contar con persoal procedente das administracións participantes no consorcio en atención á singularidade das funcións que se van desempeñar, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou órgano competente da Administración a que se adscriba o consorcio poderá autorizar a contratación directa de persoal por parte do consorcio para o exercicio das ditas funcións.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do artigo 49 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

O artigo 49 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactado nos seguintes termos:

«1. As obrigas de conservación documental establecidas na normativa serán de aplicación á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado, S.A., coas seguintes especialidades:

a) Para os documentos xustificativos da participación en toda clase de xogos que fosen anulados, cancelados ou invendidos, o prazo de conservación será dun mes.

b) Para os documentos xustificativos da participación en toda clase de xogos que resultasen agraciados con premios inferiores ou iguais a 2.500 euros, o prazo de conservación será de catro meses.

c) Para os documentos xustificativos da participación en toda clase de xogos que resultasen agraciados con premios superiores a 2.500 euros, o prazo de conservación será de 10 anos.

d) Sen prexuízo dos prazos dispostos nos puntos anteriores, os documentos xustificativos correspondentes a toda clase de xogos que sexan obxecto de calquera tipo de reclamación antes do cumprimento do prazo de caducidade deberán conservarse ata que recaia resolución firme.

e) En todo caso, para os efectos de documentar a actuación da sociedade e atendendo ao posible valor artístico dalgúns xustificantes, conservarase unha mostra destes cuxas características se determinarán por vía regulamentaria.

2. Os prazos computaranse desde o día seguinte ao da celebración do sorteo ou evento que corresponda.

3. A conservación de tales documentos poderase realizar por calquera medio ou soporte admitido pola normativa que estableza a obriga de conservación.

4. Para a execución e cumprimento do disposto nas epígrafes anteriores, a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado, S.A., de acordo cos principios de eficiencia e aforro de custos, tomará as medidas adecuadas.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.*

Modifícase o punto terceiro do artigo 8 quinquies da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que queda redactado como segue:

«3. As comunidades autónomas deberán destinar os recursos económicos necesarios para aseguraren o financiamento da carteira común de servizos, sendo preceptiva, para a aprobación da carteira de servizos complementaria dunha comunidade autónoma, a garantía previa de suficiencia financeira desta, no marco do cumprimento dos criterios de estabilidade orzamentaria.

As comunidades autónomas que se adherisen ao instrumento de apoio á sustentabilidade do gasto farmacéutico e sanitario deberán destinar os recursos económicos necesarios para asegurar o financiamento da carteira común de servizos; para a aprobación da carteira de servizos complementaria dunha comunidade autónoma será preceptivo que concorra a circunstancia de que a variación interanual ao peche do exercicio dos indicadores de gasto farmacéutico e de produtos sanitarios sen receita médica ou orde de dispensación non superen a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española prevista no artigo 12.3 da citada Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional novena. *Sociedades mercantís e outros entes controlados polo sector público.*

O Estado promoverá a celebración de convenios coas comunidades autónomas ou coas entidades locais co obxecto de coordinar o réxime orzamentario, financeiro, contable e de control das sociedades mercantís en que participen, de forma minoritaria, entidades que integran o sector público estatal, a Administración das comunidades autónomas ou das entidades locais, ou entes a elas vinculados ou dependentes, cando a participación nestas considerada conxuntamente sexa maioritaria ou comporte o seu control político.

Estas sociedades mercantís quedarán obrigadas a render as súas contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma. Será de aplicación o procedemento de rendición previsto nesta lei.

O disposto nos parágrafos anteriores será tamén de aplicación ás fundacións públicas e outras formas xurídicas en que a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma.

Os consorcios adscritos á Administración xeral do Estado, segundo o previsto na disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, estarán suxeitos ao réxime orzamentario, financeiro, contable e de control regulado na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Os orzamentos dos consorcios adscritos á Administración pública estatal non suxeitos ao seu poder de decisión por non concorrer ningunha das circunstancias previstas nas letras a) a e) do punto 2 da citada disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, formarán parte dos orzamentos xerais do Estado nos termos que sexan determinados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.*

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Uso da factura electrónica no sector público.*

1. Todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos á Administración pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda, as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital risco, fondo de investimentos, fondo de utilización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulación hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.

Non obstante, as administracións públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros e as emitidas polos provedores aos servizos no exterior das administracións públicas ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos.

2. Todos os provedores teñen dereito a seren informados sobre o uso da factura electrónica a través do órgano, organismo público ou entidade que determine cada Administración pública.»

Dous. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.*

1. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais dispoñerán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

Non obstante o anterior, as entidades locais poderán adherirse á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione a súa deputación, comunidade autónoma ou o Estado.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán adherirse á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione o Estado.

2. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas dunha Administración proporcionará unha solución de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro.

3. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas permitirá o envío de facturas electrónicas no formato que se determina nesta lei. O provedor ou quen presentase a factura poderá consultar o estado da tramitación da factura.

4. Todas as facturas electrónicas que reúnan os requisitos previstos nesta lei e na súa normativa básica de desenvolvemento, sen prexuízo de ulteriores requisitos que na fase de conformidade se deban cumprir, serán presentadas a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, onde serán admitidas, e producirán unha entrada automática nun rexistro electrónico da Administración pública xestora do dito punto xeral de entrada de facturas electrónicas, e proporcionarán un xustificante de recepción electrónico con acreditación da data e da hora de presentación.

5. O punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará un servizo automático de posta á disposición ou de remisión electrónica destas ás oficinas contables competentes para o seu rexistro.

6. A Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinarán conxuntamente as condicións técnicas normalizadas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas así como os servizos de interoperabilidade entre o resto de puntos co punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

7. Cando unha Administración pública non dispoña de punto xeral de entrada de facturas electrónicas nin se adherise ao doutra Administración, o provedor terá dereito a presentar a súa factura no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado, quen depositará automaticamente a factura nun repositorio onde a Administración competente será responsable do seu acceso, e da xestión e tramitación da factura.

8. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares ofrecerán aos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes a colaboración e os medios técnicos necesarios para posibilitar a aplicación do disposto neste artigo, de acordo co establecido no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

Tres. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Procedemento para a tramitación de facturas.*

1. O rexistro administrativo en que se reciba a factura remitiraa inmediatamente á oficina contable competente para a anotación no rexistro contable da factura.

As facturas electrónicas presentadas no correspondente punto xeral de entrada de facturas electrónicas serán postas á disposición ou remitidas electronicamente, mediante un servizo automático proporcionado polo dito punto, ao rexistro contable de facturas que corresponda en función da oficina contable que figura na factura. Na factura deberán identificarse os órganos administrativos aos cales vai dirixida, de conformidade coa disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Non obstante, o Estado, as comunidades autónomas e os municipios de Madrid e Barcelona poderán excluír regulamentariamente desta obriga de anotación no rexistro contable as facturas en papel cuxo importe sexa de ata 5.000 euros, así como as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior de calquera Administración pública ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos.

Os rexistros contables de facturas poderanse conectar con distintos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e, en todo caso, conectaranse co punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado cando a Administración correspondente se adherise ao seu uso.

2. A anotación da factura no rexistro contable de facturas dará lugar á asignación do correspondente código de identificación da dita factura no citado rexistro contable. No caso das facturas electrónicas, o dito código será automaticamente asignado e comunicado inmediatamente aos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas con que estea interconectado o rexistro contable, e poderá rexeitarse a factura nesta fase soamente cando non se cumpran os requisitos previstos nesta lei e na súa normativa básica de desenvolvemento.

3. O órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade remitiraa ou poñeraa á disposición do órgano competente para tramitar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou a prestación do servizo realizada por quen expediu a factura e proceder ao resto de actuacións relativas ao expediente de recoñecemento da obriga, incluída, se é o caso, a remisión ao órgano de control competente para efectos da preceptiva intervención previa.

4. Unha vez recoñecida a obriga polo órgano competente que corresponda, a tramitación contable da proposta ou orde de pagamento identificará a factura ou facturas que son obxecto da proposta, mediante os correspondentes códigos de identificación asignados no rexistro contable de facturas.»

Catro. Inclúese un novo punto 3 no artigo 12, coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Facultades e obrigas dos órganos de control interno.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado e os órganos de control equivalentes nos ámbitos autonómico e local terán acceso á documentación xustificativa, á información que conste no Rexistro Contable de Facturas e á contabilidade, en calquera momento.

2. Anualmente, o órgano de control interno elaborará un informe en que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das entidades locais, este informe será elevado ao pleno.

3. As intervencións xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento e, en particular, que non quedan retidas facturas presentadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas que fosen dirixidas a órganos ou entidades da respectiva Administración en ningunha das fases do proceso. Neste informe incluírase unha análise dos tempos medios de inscrición de facturas no rexistro contable de facturas e do número e causas de facturas rexeitadas na fase de anotación no rexistro contable.»

Cinco. Modifícase a disposición adicional sexta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Publicidade dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e dos rexistros contables.*

1. Á creación dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e dos rexistros contables daráselles publicidade.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas manterá actualizado un directorio en que a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais consignarán, ao menos, o enderezo electrónico do seu punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o resto de información complementaria que poida ser útil para que sexa consultado polos provedores.

3. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares ofrecerán aos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes a colaboración e os medios técnicos necesarios para posibilitar a aplicación do previsto nesta disposición, de acordo co establecido no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

Disposición derradeira sétima. *Reordenación da actividade de Lotarías e Apostas do Estado.*

Con efectos desde o 3 de decembro de 2010, establécese o seguinte:

Un. Créase a «Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado», adscrita ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O Consello de Ministros, antes do 31 de marzo de 2011, aprobará os seus estatutos sociais e designará o seu órgano de administración.

A entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, creada a través do Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro, extinguirase coa inscrición da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado no Rexistro Mercantil.

Con efectos desde a data da extinción da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, a rama de actividade relacionada cos xogos de ámbito estatal, incluíndo todos os activos e pasivos, bens e dereitos, así como os títulos habilitantes que ata a data eran da súa titularidade achegarase como capital social á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Esta achega inclúe a totalidade dos dereitos e obrigas en relación cos puntos de venda e delegacións comerciais aos cales, en virtude da disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, lles segue sendo de aplicación transitoria a normativa administrativa, manténdose en vigor a totalidade das garantías recollidas na citada disposición.

Á achega recollida nos parágrafos anteriores non lle será de aplicación o establecido no artigo 67 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, en relación co informe do experto independente, e será substituída pola taxación pericial prevista no artigo 114 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Corresponderá á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado o exercicio da totalidade das facultades que tiña atribuídas o ente público empresarial Lotarías e Apostas do Estado para a xestión exclusiva dos xogos de titularidade estatal, quedando, así mesmo, subrogada en todos os dereitos e obrigas derivados da achega dos citados activos e pasivos, bens e dereitos desde a data de efectividade daquela.

A todas as transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos derivados directa ou indirectamente da aplicación da presente disposición adicional que teñan como suxeito pasivo a entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado ou a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado seralles de aplicación o réxime de exencións tributarias e reducións arancelarias previsto nos puntos 4 e 5 do artigo 168 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

No suposto de inmoables arrendados e para os efectos previstos no artigo 32 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, nas transferencia que se poidan realizar non se reputarán cesións dos contratos de arrendamento en vigor, nin os arrendadores terán dereito a ningunha clase de elevación de renda en relación con elas.

Dous. Os funcionarios en activo destinados na entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado poderán integrarse como persoal laboral na Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado, con recoñecemento, en todo caso, da antigüidade que lles corresponda e quedando nos seus corpos de orixe na situación de servizos especiais prevista no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Esta opción deberá ser exercida no prazo dun ano contado desde a data da extinción da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.

Ata que transcorra o dito prazo ou se exerza o dereito de opción, os funcionarios en activo destinados na entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado adscribiranse na súa mesma condición á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado, con excepción dos que exerzan as funcións de regulación do mercado do xogo no ámbito estatal, que se adscribirán ao órgano do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a que se refire o punto catro, subsistindo transitoriamente a vixente relación de postos de traballo.

O exercicio de todas as facultades respecto dos funcionarios que transitoriamente se adscriban á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado corresponderá á propia

sociedade, con excepción das que supoñan extinción da relación funcional que lle corresponderá ao ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Transcorrido o prazo de opción, aqueles funcionarios que non a exercesen integraranse no órgano administrativo que determine a Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas.

O persoal laboral da extinta entidade pública integrárase, sen solución de continuidade, na Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado nos termos establecidos no vixente convenio colectivo da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado con recoñecemento da súa antigüidade e demais dereitos que lle correspondan.

Tres. Encoméndase á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado o exercicio das competencias administrativas que lles poidan corresponder en relación cos puntos de venda da rede comercial da extinta entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado que, en virtude da disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, continúen rexéndose transitoriamente pola normativa administrativa que resulte de aplicación. Para estes efectos, o persoal da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado exercerá, en virtude da presente encomenda de xestión, as potestades administrativas necesarias en relación cos citados puntos de venda, con excepción das de carácter sancionador que serán exercidas polo órgano a que se refire o punto catro seguinte.

Catro. Unha vez que se extinga a entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, as competencias relacionadas co exercicio das funcións reguladoras do mercado do xogo no ámbito estatal e, especialmente, as recollidas no artigo 5, 5 bis e 3.1 *in fine* do Estatuto da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, aprobado polo Real decreto 2069/1999, do 30 de decembro, atribuiranse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e serán exercidas polo órgano directivo do departamento que se designe no acordo do Consello de Ministros a que se refire o punto un desta disposición.

Cinco. Con carácter transitorio, desde o 3 de decembro de 2010 e durante o ano 2011, a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado asumirá as obrigas de aboamento das asignacións financeiras a favor da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), que poidan derivar da disposición adicional décimo oitava da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e as obrigas derivadas do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado. A partir do ano 2012, estas obrigas serán asumidas pola Administración xeral do Estado, nos termos previstos na lexislación de regulación do xogo de ámbito estatal.

Disposición derradeira oitava. *Aplicación de determinados beneficios a fusións de municipios.*

No caso de fusións de municipios que se aprobasen e entrasen en vigor no ano 2013, os novos municipios poderanse acoller ás medidas establecidas nas letras f) e g) do artigo 13.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada polo punto cinco do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Os municipios que resultasen daquelas fusións e que se acollan aos ditos incentivos deberán comunicalo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e non se poderán segregar ata transcorridos dez anos desde a súa aprobación.

Disposición derradeira novena. *Intercambio de información sobre pensións de clases pasivas.*

Habílitase a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas para a cesión de información á Axencia Estatal de Administración Tributaria, relativa a datos persoais de perceptores de pensións e prestacións xestionadas por aquela, co fin de garantir o adecuado cumprimento das funcións de xestión encomendadas á citada axencia.

Disposición derradeira décima. *Denominación do «Centro Nacional de Información Xeográfica».*

As referencias que na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, se fan ao organismo autónomo 17.102 «Centro Nacional de Investigación Xeográfica», deben entenderse efectuadas ao organismo autónomo 17.102 «Centro Nacional de Información Xeográfica».

Disposición derradeira décimo primeira. *Carácter ordinario de determinadas disposicións.*

A disposición derradeira primeira, modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a disposición derradeira segunda, modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; a disposición derradeira terceira, modificación do artigo 49 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; a disposición derradeira cuarta, modificación da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde; a disposición derradeira quinta, modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; a disposición derradeira sexta, modificación da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público; a disposición derradeira sétima, reordenación da actividade de Lotarías e Apostas do Estado; a disposición derradeira oitava, aplicación de determinados beneficios a fusiós de municipios; a disposición derradeira novena, intercambio de información sobre pensións de clases pasivas; a disposición derradeira décima, denominación «Centro Nacional de Información Xeográfica»; a disposición adicional primeira, financiamento da execución de sentenzas firmes por parte das entidades locais, e a disposición adicional segunda, compensacións a entidades locais, teñen carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 12 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY